

O contexto da vida en canto obxecto de produción do cártel dos medios¹

Oskar Negt e Alexander Kluge

O termo industria da conciencia² inclúe certo número de diferentes grupos de organizacións:

1. Os medios tradicionais, que, mediados por unha esfera política, son produto dunha disputa longa entre intereses sociais e os intereses dos medios polo seu propio crecemento (pomos por caso a prensa, as editoriais, o cinema, a educación de adultos, a radio, a televisión, etc.)³

2. Os medios avanzados, que son os máis deles medios privadamente organizados, como é o caso das industria dos cassetes, dos videodiscos, das emisións por cable, dos bancos de datos por satélite e o cártel dos medios. Estes medios teñen relación con tipos de innovacións moi diferentes que comportan efectos extremadamente diversos. A gama de produtos ofrecida por estes medios fúndase, por unha banda, na **transformación da forma de empresa** (o cartel dos medios); por outra banda, defrontámonos eiquí con **novas evolucións técnicas e organizativas** que teñen relación coa produción de equipamentos ("hardware") e co seu modo de distribución (cassetes, videodiscos, emisións por cable, radio local en FM e satélites de comunicación). Parece que, no futuro, os videodiscos han venderse a xeito de mercadoría, mentres que os cassetes se han distribuír por medio do sistema de préstamo. A emisión por cable fúndase no principio de que os subscritores pagan para se conectar a redes de información audiovisual. Asociados con isto, hai plans para crear emisoras de radio e televisión local. O uso da FM para a transmisión local é extremadamente caro, aínda que libra dos problemas da distribución internacional das frecuencias de transmisión. En contraste, os sinais de satélite poden recibirse en calquera lugar e poden transmitirse dun continente a outro. As corporacións de medios, que son capaces de se valer instrumentalmente de varias destas técnicas (ou, no seu caso, de **todas elas**, incluídas as dos medios tradicionais), están implicadas na creación de **cartels**.⁴

¹ O. Negt e A. Kluge, *Public Sphere of Experience. Analysis of the Bourgeois and Proletarian Public Sphere*. Londres, Verso, 2016, cap. 5, pp. 149-159.

² Tamén se usaron as designacións de industria da programación, industria da ilusión (W. F. Haug) e industria cultural (Horkheimer/Adorno) en troques de "industria da conciencia". Cada unha destas distintas designacións corresponde a unha énfase específica da indagación; porén, non se dan distinguido definitivamente entre si. Nas páxinas seguintes imos usa-lo termo "industria da conciencia" a xeito de termo xenérico que remite a todo o traballo da esfera pública e dos medios de comunicación de masas, independentemente das axendas individuais que siga cada un deles e do equipamento (ou "hardware") que usen; cada unha das industrias de programación en particular, pomos por caso, a televisión de servizo público, o cartel dos medios privados e outras semellantes, deberían diferenciarse destes. En contraste con estes, os conceptos de "industria cultural" e "industria da ilusión" abranxen síndromes complexas e calidades da industria da conciencia que queremos analizar precisamente nas súas relacións elementais. Sería posible dividir "ilusión" e "cultura" nos seus compoñentes proletario e burgués. No proceso, non deixaremos de apreciar que tamén para Haug este desexo dunha designación máis precisa foi decisivo na súa escolla do termo "industria da ilusión". Sexa como for, para nós é máis útil usa-lo termo que pon en primeiro plano a *materia prima específica e o modo de apropiación desta industria*, quere dicir, a conciencia humana.

³ Véxase o capítulo 3 (A televisión a xeito de industria de programación), do libro de Oskar Negt e Alexander Kluge, *Public Opinion and Experience. Analysis of the Bourgeois and Proletarian Public Sphere* (Londres, Verso, 2016). Debería advertirse que a axenda da televisión vinculada ó servizo público non abranxe necesariamente unha industria da conciencia que preorganize directamente a conciencia do espectador: mantense, precisamente, por causa de se-la conexión do servizo público coa antesala das ofertas de programas, sexa cal sexa a intensidade coa que estas ofertas poidan afecta-la vedadeira conciencia da actividade do espectador. Pola súa vez, o efecto de socialización de todos estes medios apóiase nas consecuencias educativas e socializadoras da familia, da escola, da formación profesional e do posto de traballo, que tamén posúen características de medio.

⁴ Véxase o capítulo 4 de Negt e Kluge (2016), "A mercadoría individual e as coleccións de mercadorías na industria da conciencia". Á vista de que o que se trata no contexto deste libro é a relación fundamental entre esta industria da conciencia de propiedade privada e o concepto de esfera pública, eliminouse a exposición de planos, modelos e estados da cuestión individuais relativos ó cartel dos medios, á industria dos cassetes, da televisión e outras semellantes. Para unha panorámica da situación velozmente cambiante, véxase Dieter Prokop, *Massenkommunikationforschung I: Produktion* (Frankfurt: 1972), especialmente p. 136 e ss.

Os medios privados, que se organizan dunha maneira complexa, por riba de todos o cartel dos medios, non son aínda factores que determinen o mercado na República Federal de Alemaña.⁵ Segundo imos demostrar máis adiante,⁶ isto non debería levar á conclusión de que estas formas avanzadas da industria da conciencia non estean a medrar. É característico da evolución do cartel dos medios que inicialmente se expande só tentativamente mais, entón, despois de que a industria electrónica empezase a manufacturar equipos e de que se establecesen redes de distribución, dase un crecemento a un ritmo frenético, en pouco tempo. Nos Estados Unidos de América, o cartel dos medios é unha das pólas da industria que medra máis rápido. A razón de que estes medios se desenvolvan inicialmente desta maneira reside no feito de que, aínda que as compañías editorias parezan ser protagonistas desta industria, os intereses de investimento máis importantes son os da industria electrónica, que produce os equipamentos.⁷

A sensualidade dos medios clásicos

O medios de comunicación de masas tradicionais desenvolvéronse, consonte a certa división do traballo, de xeito realtivamente independente uns dos outros.⁸ Vistos illadamente, non se caracterizan particularmente polo investimento intensivo de capital nin, na medida en que teñen grandes recursos ó seu dispor, están estruturados a xeito de institucións públicas.⁹ Dependem de tradicións específicas, que se desenvolveron **separadamente**, en áreas tan diversas coma o sistema educativo, as igrexas, a cultura, o almacenamento de información electrónica, a liberdade de prensa e o entretemento. A ciencia só ten un papel marxinal nestes tipos de medios. Se un quere conceptuar estas institucións de xeito sistemático, ten que comezar por advertir que os máis deles están subsumidos no capital, quere dicir, que estes medios tamén realizan os intereses do capital dunha maneira mediada ou que, de xurdir un conflito, traballarían para limita-la forza produtiva de, pomos por caso, as redes.¹⁰

O desenvolvemento destes medios correspóndese cunha situación de recepción no que todo o sistema perceptivo da xente está el propio, por medio de certa división do traballo, fragmentado. Os sentidos implícanse

⁵ Unha declaración da subsidiaria audiovisual do conglomerado Springer, Ullstein A. V., di o seguinte: "Á vista de que a consideración máis próxima revelou que o audiovisual electrónico non existe aínda no momento actual, a nosa firma (como moitos saben) superou afortunadamente este impedimento técnico e anunciou que, xunto coa empresa de procesamento fotográfico por correo *Quelle*, comezaría a vender o próximo verán filmes estándar de pequeno calibre a xeito de "lanzamento ideal do audiovisual do futuro". Sexa como for, dado que, entretrentes, determinouse que estes filmes son aínda excesivamente caros para iniciar unha nova era, decidimos pensar máis a cuestión" (tomado de *Die Zeit*, 2 de abril de 1971). Parece logo que os únicos produtores de programas e contidos (ou "software"), como a Videothek Weisbaden ou Ullstein A. V. estivesen marcando a pauta para o presente. En parte promoven o almacenamento de produción e en parte desenvolven a reprodución, independentemente. Por exemplo, Ullstein A. V., do conglomerado Springer, está a desenvolver álbumes de fotos nos que tanto o texto coma a imaxe "expáñdense ata o último adianto da arte; ó escoitar simultaneamente os rexistros apropiados, o efecto multimedia pode aumentarse aínda máis. As fotos que se pegan no álbum poden adquirirse en branco e negro ou en sepia, con borde plano ou dentado (*Die Zeit*, 2 de abril 1971). Esta situación caracteriza a dependencia dos produtores de "contido" a respecto do actual estadio inicial da industria de *equipamentos* ("hardware"). Sexa como for, este equipamento só pode introducirse no mercado se os procesos técnicos máis sinxelos e prometedores entran nas actividades competitivas dos departamentos de investigación que na actualidade poden observarse con frecuencia, dado que a produción de masas comeza tan logo como se introduce o equipamento, e ata ese momento a única fase de desenvolvemento posible nesta industria é "o prototipo". A estrutura oligopólica do mercado contribúe a isto coas condicións competitivas extremadamente severas entre os grandes oligopolios. Tamén isto fai que sexa imposible a planificación absolutamente determinante desta industria da conciencia. Á vista de que un interese extremadamente poderoso depende, pola súa vez, de tal planificación, acabará por haber tarde ou cedo acordos ocultos de cartel ou semellantes ós de cadeas (de televisións, de xornais, etc.), nos que poderían entrar os intereses de grupos políticos, relixiosos ou doutro tipo que pretender ter voz. Entre estes outros grupos haberá institutos individuais para os que a cuestión do cartel dos medios é unha preocupación fundamental. Estes institutos están en boa parte a se crear neste momento (pomos por caso o Institut für Kommunikationforschung e. V. en Bonn). A perspectiva dunha participación eventual en tal *pool*, xunto co temor simultáneo de xa non ser capaz de voltar ter conexión coa evolución dos procesos, leva a unha complicación do debate e á vontade de se comprometer que debilita a posición dos grupos todos, no interese dos cales estaría aferrarse inequivocamente ás estruturas de servizo público ou sen ánimo de lucro para a industria da conciencia a xeito de todo.

⁶ Véxase o párrafo final deste capítulo.

⁷ Un factor substancial é que a organización da "demanda", quere dicir, o contexto de necesidades ás que se adapta esta industria da conciencia, parece particularmente adecuada á "exportación de capital cara ó interior", no senso dunha explotación expandida dos mercados domésticos. Véxase a categoría "imperialismo interior" no capítulo 6, "O último estadio do imperialismo: imperialismo interior". Hai, logo, máis razóns para apoiar o argumento de que os intereses dos produtores de equipos na grande produción-expansión de equipamento de información non serían suficiente para explica-lo crecemento extremadamente rápido da industria da conciencia nos Estados Unidos de América, e que do que se trata é dunha forma xeral de expansión cara ó interior do capitalismo que *descobre de seu que a materia prima e o fundamento da explotación é a conciencia*.

⁸ No caso da radio e a televisión, a conexión entre persoal e institución foi particularmente forte durante a fase inicial da televisión, pois naquel estadio os corpos supervisores tiñan xurisdición simultaneamente sobre a radio e maila televisión, e algún persoal transferíuse das emisoras de radio ós departamentos de televisión. En todo caso, desenvolveuse un medio que era independente da radio. O que dende aquel tempo se considerou "legal" na radio e na televisión referíuse a distincións precisas e á división do traballo.

⁹ Excepción patente é o caso do filme, que se organiza a xeito de industria privada e simultaneamente funciona cun grao de cálculo extremadamente alto (pola súa vez, a excepción a isto son o *Autorenfilm*, o "cinema alternativo" e o filme político). Sexa como for, a produción de filmes individuais caracterízase por un modo de produción artesanal en forma de taller: a planificación e financiamento faise para obras individuais (coa excepción das producións dependentes da distribución). En grande parte, a xestión de produción volve ser reducida despois de que se pecha a produción do filme no diámetro dun despacho pequeno. Do que se trata, malia o alto grao de cálculo, dende a perspectiva do longo prazo, é dunha operación de tempada que non require investimento intensivo de capital. Este feito fica escurecido polos "custos de produción publicitados" que, no caso do filme, convértense nunha calidade do produto e, pomos por caso, na industria cinematográfica estadounidense convértense nunha porción substancial do valor mercantil.

¹⁰ Exprésase isto, pomos por caso, no principio de subvención que é máis ou menos silenciosamente respectado por tódalas institucións de servizo público e benéficas (quere dicir, que so actúan alá onde non interfíren os intereses dos negocios privados). Isto limita as actividades da educación de adultos en particular.

dunha maneira especializada: a radio monopoliza a escoita;¹¹ os libros, os xornais e maila televisión desenvolven a lectura e a visión, o filme ocúpase do movemento (nomeadamente na auténtica fase de desenvolvemento do filme a xeito de filme mudo) e, ó cabo, a educación incorpora os procesos de aprendizaxe, observación, memorización e lembranza. O entretemento, a educación e a información existen un á beira doutro a xeito de áreas similarmente especializadas, como se houbera sistemas de percepción especializados que corresponden con elas. Neste proceso, os estados de atención, secomasí os de distracción, trátanse a xeito de sentidos novos, especializados e combínanse para que formen parte de certo sentido do entretemento, certo sentido das noticias e actualidades, e cousas semellantes.¹² Amais dos cinco sentidos, desenvólvense outros tantos sentidos correspondentes ó número de produtos de programación que gañaron a aceptación dos espectadores.

Tal división do traballo entre as varias capacidades receptivas dun ser humano foi, xunto coa especificación dos sentidos, necesaria para un estadio particular da produción capitalista: o estadio da produción que se adoita denominar "taylorismo". Neste estadio, as partículas individuais da forza de traballo historicamente evolucionada divídense e recompóñense para a valorización por medio de estudos de tempo e movemento e de organización do traballo planificado. As secuencias de movementos sepáranse do aparello sensorial a xeito de totalidade, de xeito que os seres humanos quedan dispostos para unha síntese nova segundo os intereses da produción técnica.¹³ A organización dos medios tradicionais corresponde a esta organización do aparello sensorio: unha organización que non foi orixinalmente creada polos medios. O caso é que a xente é incorporada polos medios tradicionais en calidade de seres autónomos, aínda que en termos sociais esta autonomía estea aínda por acadar. O individuo xa non é interpelado, como no caso das experiencias primarias, atendendo a tódalas súas características sensoriais históricas, das que dixo Marx: "O cultivo dos cinco sentidos é o labor de toda a historia previa." Esta segunda natureza histórica resulta desmembrada (coma no proceso de traballo do taylorismo) polos medios de comunicación de masas, mais non se recompón nun nivel histórico de individualidade máis alto, que sería o do ser humano socializado. Fica, para o dicir dalgún xeito, nun estadio intermedio, o dun produto social a medio facer. Non pode reaccionar ós medios de comunicación de maneira "natural" (quere dicir, histórica), nin é un "ser humano sintético" que, por ser el propio unha totalidade, poida tratar co conxunto dos medios todos. Neste senso, pódese dicir que os medios de comunicación de masas tradicionais non fan ós seres humanos sensuais.

Aínda que a organización do aparello sensorial humano se ve alterada por causa de evolucións en curso na produción, os medios continúan, durante un tempo, dando vellas respostas que se programaron dentro deles. Comparten ese momento de inercia no aparello sensorial humano que se resiste ó cambio. En todo caso, ó cabo, os medios non poden seguir producindo as vellas necesidades de recepción espontaneamente cando a xente ten cada vez menos estas necesidades: forma parte dos propios intereses de produción dos medios comezar a buscar camiños novos.¹⁴

¹¹ En retrospectiva, a radio amosa ser o medio no que a propaganda Nacional Socialista se expresou de xeito máis efectivo. A razón deste fenómeno pode estar no feito de que os sentidos, segundo foron aparecendo historicamente, corrixíronse mutuamente. Canto máis exhaustivamente se dirixe un medio de comunicación de masas á humanidade, menos capaz é de mentir. A concentración de tódalas noticias e impresións nun único órgano sensorial, o oído, deixa que a suxestión sexa independente, en contraste coa maneira en que a supervisión sensual da experiencia cotiá humana funciona normalmente. O efecto da radio nos anos trinta está codeterminado por unha serie de factores adicionais. A escoita é o modo de aprensión que se pode desenvolver máis intensivamente a xeito de sentido a distancia. Amais, a intelixencia acústica, presumiblemente cultivada por medio da interacción cos obxectos orixinais, posúe unha capacidade particular de abstracción, imaxinación e transferibilidade dunha situación sensual a outra. Mentres que o ollo ten a tendencia a rexistrar todo o que pode ver a xeito de impresión inmediata, o oído adestrouse historicamente para diferenciar impresións (quere dicir, para entedelas non a xeito de inmediatamente vinculadas a un emprazamento fixo). "Vai con elas" ou "forma parte delas".

¹² A televisión funciona de norma (ou calibre) para estes sentidos: canto é que custa certo programa, qué tópicos ("topoi") e persoeiros (estrelas, políticos) aparecen na pantalla, qué programas son os que un pode recoñecer a xeito dos que teñen "efecto no público", cales son os que rexeita porque "non teñen efecto no público" (este *sentido da programación* sobredetermina en gran medida a verdadeira actividade sensual dos cinco sentidos). Tenta mediar a relación abstracta entre os programas e non procede da relación que poida haber entre o propio espectador e o programa. As revistas e guías de televisión ocúpense nomeadamente desta combinación de sentidos do espectador e tentan, pola súa vez, preorganizarlas para a programación.

¹³ Neste proceso, os sentidos que se empobrecen nos individuos por causa da especialización e a división acadan certa regularidade que se libera do aparello sensorial, necesario para que unha totalidade do aparello sensitivo rica e concreta se desenvolva no desenvolvemento humano xeral. Marx tamén expresou esta ambivalencia en relación, poms por caso, coa división entre o traballo físico e intelectual. O ser humano desenvolve no curso da súa produción dentro da división de traballo a riqueza dos poderes xenéricos (xunto co empobrecemento dos seus poderes individuais, complexos). Por outra banda, desenvólvese aquí simultaneamente un movemento mutilado que abofé non contén, senón que só empobrece, esta relación dual de empobrecemento individual e enriquecemento social: "Se ela [a clase dos chamados traballadores non cualificados] desenvolve unha especialidade unilateral á perfección, a expensas do conxunto da capacidade de traballo do home, empeza tamén a converter nunha especialidade a ausencia de todo desenvolvemento" (Marx, *Capital*, vol. 1, tradución inglesa de Samuel Moore e Edward Aveling [Nova York: International Publishers, 1967], p. 350).

En moitos filmes cómicos da época muda, o disfrute público (naquela altura da historia do cinema, o público compúñase nomeadamente de traballadores e era, en Estados Unidos de América, un público inmigrante de clases baixas urbanas) debíase ó feito de que, no filme, unha experiencia laboral que se atopa frecuentemente na especialización e no empobrecemento do aparello sensitivo (quere dicir, no facer independentes secuencias de movementos fisiolóxicos sen significado ningún para o individuo) conxúntase cun modelo novo que non aparece tanto no mundo do traballo: os compoñentes libidinais da omnipotencia reprimida, a rapidez de movementos, a recoñecida falta de significado, a confusión e desorde que se experimenta diariamente -e todo isto nun *contexto de cooperación*, que reproduce mesmo a trama fílmica máis rudimentaria, en constraste coa experiencia xestora do taylorismo.

¹⁴ Estes esforzos para responder a formas de recepción novas cristalizaron, poms por caso, no moi discutido programa "Baff", emitido pola Radio Pública de Alemaña Occidental, no que a integración de elementos do entretemento, xornalismo, información, reportaxe, impacto e sátira (que interpelan ó sistema perceptual todo) únense nun espectáculo total (*Gesamtshow*). Asímeso que este programa exerce efecto forte precisamente na xente nova, mais non houbo investigación cualitativa de se verdadeiramente pasa iso. Habitualmente, pode dicirse que canto máis importante consideran as cadeas un tema, mais intensivamente se apoian nun modo de recepción tradicional da información sensorial especializada, e fan tal presupondo que esta é a maneira en que o espectador poderá "comprobar" as unidades individuais de información sensorial. Por outra banda, permiten formas de expresión novas que son "emocionais" mais non capaces de seren racionalizadas con precisión na correspondente forma de recepción en programas xuvenís de entretemento, que consideran ser de menos consecuencias. É moi dúbido que solucións fundadas unicamente no incremento dos xa abraiantes recursos da televisión (desproporcionados, se os contrastamos cos do espectador non organizado) sexan capaces de producir unha conexión entre novas formas de percepción por parte do espectador e as formas de expresión dos medios de comunicación de masas. Máis ben parecería que unha adaptación dos medios só sería posible en cooperación con espectadores autodeterminados, pero ata agora bótanse en falla formas organizativas e un marco económico para esa autodeterminación dos espectadores.

A base receptiva sensorial dos novos medios de comunicación de masas

Tomados individualmente, os novos medios de comunicación de masas son só cuantitativamente diferentes dos tradicionais; tomados en conxunto, son cualitativamente diferentes. Inicialmente, innovacións coma a industria dos cassettes, os bancos de datos ou as compañías de comunicación de masas que compoñen o cártel dos medios indican a intensificación dos procesos de comunicación existentes. Subsumen dominios que previamente formaban parte do sector público nas actividades de interese do capital privado que procura beneficios a curto prazo. Isto é particularmente serio, dado que se relaciona coa privatización das infraestruturas do ámbito educativo.

Os medios de comunicación de masas novos están nunha posición de prescindir do pluralismo e de facer chegar directamente os seus produtos a individuos e lares. **Os seus programas non se limitan a compor un paquete abstracto para todo tipo de finalidades (dirixido “a quen poida interesarse”), senón que son capaces de facer das necesidades individualizadas, das necesidades de grupos que son a audiencia idónea ou alba, e, entón, de facer do contexto todo da vida, o obxecto dunha oportunidade enfocada para a explotación.**¹⁵ É por isto polo que, vistos illadamente, a industria dos cassettes, as emisións por satélite e o almacenamento de datos electrónicos non fan máis ca surtirnos de formas máis perfectas dos tipos existentes de comunicación; individualmente, deben defrontarse coa considerable inercia das masas, das que a enerxía e a receptividade son, como xa o eran antes, absorbidas polo proceso de traballo. Sufren desta fricción e son tan incapaces coma a televisión pública de realizar plenamente a forza produtiva acumulada dentro deles. As cousas vense de maneira diferente cando un examina o efecto xeral que ten a interacción entres estes diversos medios novos, especialmente en termos do cártel de medios. Dentro desta totalidade da industria da conciencia, os medios responden a unha estrutura de percepción que sufriu cambios pola parte dos espectadores, unha estrutura que non é producida por eles, senón polo novo proceso de produción. Cómpre distinguir, logo, entre o estadio inicial de desenvolvemento dos novos medios, punto no cal é difícil ou imposible para estes medios desenvolverse individualmente, e o estadio máis avanzado, durante o cal as necesidades potenciais correspondentes e cualitativamente novas crecen entre a masa dos espectadores.

Por causa dos cambios técnicos, a xente vese hoxe defrontada con demandas de cooperación dun tipo novo. A tradicional división reificada do traballo das funcións sensorias individuais xa non pode servir para defrontar estas demandas. Un ten que ter funcións sensorias especializadas para responder a múltiples estímulos técnicos -e estas funcións non poden estar plenamente implicadas sen que o resto das actividades sensorias se volvan simultaneamente activas. Entón, por exemplo, as tarefas supervisoras e reguladoras requiren unha supervisión xeral de tódalas posibilidades de cambio dentro do aparello xeral.

Abofé que este tipo de tarefa non só require unha precepción sensorial especializada. A resposta ás luces de control, a interrupción de procedementos individuais, a lectura de instrumentos e cousas parecidas constitúen unha combinación sensorial que vai a contracorrente da especialización necesaria para as secuencias de traballo individuais. Esta atención é simultaneamente especializada e holística. Preuspon que as actividades individuais se efectúan con precisión, que a información individual se percibe exactamente, e que este proceso de traballo implica tanto un alto nivel de abstracción coma unha supervisión superficial da situación xeral. De maneira máis xeral, mesmo conducir un coche cando hai moito tráfico implica esta atención holística especializada. Este tipo de atención non implica unha perspectiva *Gestalt* (ou unha perspectiva de “patrón xeral de recoñecemento”), que non sería concreta dabondo, nin un illamento mecánico dos sentidos individuais, que non tería en conta a totalidade do proceso. A interconexión historicamente desenvolta entre a percepción e o contexto de significado, a situación de traballo específica, a actividade física e mental e, daquela, o aparello nervioso e sensorio vense partidos e reagrupados en interese da valorización dunha maneira bastante disintinta da do proceso de traballo racionalizado dos anos 1920 e 1930. Este proceso racional aínda existe hoxe en día a xeito de pensamento non sincrónico, mais xa non é a tendencia dominante. O grao de integración dos sentidos que é actualmente necesario faise claro se un examina o susceptible que é este novo estadio de produción ás interferencias e interrupcións.¹⁶

Esta forma de organización transformada, que se caracteriza pola activación e sobrestimulación das **facultades perceptivas**, vai acompañada dunha transformación específica das formas de recepción e do procesamento da percepción. Débese isto a **cambios no ámbito libidinal**, na socialización e na motivación laboral. Estes cambios están causados por cambios no contexto de lexitimación e pola tendencia, que agroma destes cambios, cara a reprogramación do ciclo da vida historicamente aprendido. Esta crise afecta, antes de nada, o propio principio de actuación. As tendencias a pospoñer en aras do éxito a longo prazo xa non se aceptan sen máis. O que Lothar Hack describiu coa expresión “nova inmediatez” está diante nosa: as necesidades teñen que se satisfacer inmediatamente, porque un percibe que a posibilidade material de satisfacelas está presente. A falla de lexitimación da que adoecen moitas estruturas da sociedade: a perda de sentido, o pánico que se expresa periodicamente, especialmente entre os capitalistas, a respecto de que a porta está a piques de se pechar (“a economía afúndese”), o sentimento xeral

¹⁵ A contradición faise clara se un contrasta isto coa maneira en que a televisión emite as súas transmisións *publicamente*, quere dicir, dirixíndoas cara a un número indeterminado de receptores.

¹⁶ Entón, pomos por caso, a diferenza entre o ritmo de traballo normal e o “traballo a paso lento” nas folgas de especialistas en radares e dos pilotos aéreos parece estar na diferenza entre o uso dos sentidos individual especializado e o uso dos sentidos integrado, colaborativo e informal. O incremento dos retrasos lógrase por medio do illamento de parámetros (por exemplo, telefonar en troques de se dirixir a un directamente, ter intercambios verbais formais en troques de contacto visual, tomar acordos nun parámetro que pode rexistrarse magnetofonicamente, renunciando ó cambio constante dos parámetros que fai posible transmitir información máis rapidamente, etc.)

provocado pola tendencia mundial cara a inflación... todos estes factores contribúen á opinión de que “un dá vivido porque existen os recursos necesarios, mais ninguén dubida de que poden non ser asequibles moito tempo máis, se chega unha situación de crise.”¹⁷ O aparello de goberno non é capaz de contrarrestar este sentimento (que, ó cabo, fúndase na experiencia real) por medio da planificación significativa e a longo prazo porque el propio non está convencido de que este sistema sexa capaz de ter desenvolvemento a longo prazo. Podería deriva-la identificación de longo prazo só da historia colectiva da sociedade, pero isto é precisamente o que ten que ser suprimido polos poderes dominantes. Un estado masivo de expectación, que se funda na experiencia social colectiva, non pode satisfacerse por medio da retórica e dos trucos, nin por medio de planos a medio prazo. Todo isto complementa os cambios na estrutura libidinal e informalmente organizada da lealdade de masas, que se expresan elas propias en movementos non dirixidos e en disposicións que, pola súa vez, pódense desenvolver de maneiras ambivalentes, reaccionarias ou emancipatorias. En cada un destes procesos libéranse algunhas enerxías, mentres que outras se fan traballar de maneiras novas.

A sensualidade do programa dos sentidos sociais, que floreceron baixo o proceso de produción (coma o “sentido de posesión” descrito por Marx) absorbe continuamente formas anteriores de sensualidade dentro de si e reproducéas neste nivel. **En canto se satisfacen as necesidades materiais (fame, sede, aloxamento), as necesidades empíricas teñen tamén a tendencia a producir esa unidade que é característica delas en formas obxectivas de satisfacción. Procuran un contexto de significado e, entón, responden principalmente a produtos que non ofrecen satisfaccións individuais, nin valores de uso individuais, senón que ofrecen ciclos completos deles na forma dun contexto de vida. Nestas condicións, o cartel dos medios fai a súa aparición dende o lado do obxecto.**¹⁸ Nunha esfera pública proletaria, a conexión entre necesidades e sentidos estaría necesariamente asegurada por formas de actividade humana. En contraste con isto, o cartel dos medios organiza a unidade das dúas apoiándose nunha realidade alienada, apoiándose no que os seres humanos non son: o que lles obstrúe o camiño actúa a maneira de fonte da súa unidade puramente abstracta en canto individuos¹⁹ e esgaza ou divide as súas necesidades. A xente está unida en calidade de individuos, pero os individuos experimentan esta unión por medio do capital. Poden recoñecerse os uns ós outros só por medio deste aparello. As colectividades fórmanse, mais sen relacións interpersoais auto-reguladas: desenvólvense formas de satisfacción, mais son pasivas. O que existe está organizado, pero non hai actividade autónoma. Para sermos máis precisos: a aparencia desta actividade autónoma engádesse retroactivamente.

A produtividade potencial da conciencia, que ata agora se empregara só selectivamente no proceso de traballo, é un lugar dado no marco do proceso de produción a xeito de todo. Non só o comportamento laboral ten que se organizar segundo os criterios de eficiencia capitalista, senón que os seres humanos teñen que seguir os mesmos principios no seu comporamento xeral, tamén fóra do proceso de traballo. Ese potencial filoxenético que teñen os humanos, determinado polo proceso de traballo, está por converterse, noutro estadio, en obxecto de valorización capitalista.²⁰ É por isto polo que o cartel dos medios é unha ameaza extrema a toda auto-organización da experiencia humana en forma de esferas públicas proletarias, autónomas. **A materia prima, coa que a esfera pública se pode formar, convértese no verdadeiro obxecto que é procesado polo cartel dos medios.**

Nos debates sobre estes problemas que teñen lugar dentro dos propios medios de comunicación, a resposta é que tal descrición é esaxerada. O que se declara é que se sobrevaloran o cártel dos medios e o impacto da industria da conciencia; amais, o crecemento da industria da conciencia ten freo e mantense no seu sitio por causa dos bloqueos das masas no proceso de traballo e nos seus hábitos herdados, reificados. Dise que non hai tempo de lecer dabondo, nin enerxía perceptiva e vital dabondo para responder ó cartel dos medios. Esta maneira de ve-las cousas ofrece unha oportunidade particular para o engano e o autoengano. Fracasa á hora de captar as características da industria da conciencia xa mencionadas: o seu crecemento errático, non lineal. A singularidade da industria xurde, entre moitas outras cousas, do feito de que cando esta industria ofrece o seu produto ó público, a verdadeira socialización do

¹⁷ Durante as guerras absurdas parece darse un cambio estrutural similar no aparello motivacional. Correspóndese co sentimento posterior a 1943 [en Alemaña], expresado no tóxico: “Disfruta a guerra, porque a paz vai ser terrible.” As ideoloxías da clase dominante abofé que non reproducen o que son puras falsificacións, senón que máis ben conteñen mesmo na súa forma instrumental experiencias, xa que nunca foran optimistas ata este punto. Prometen a Caída dos deuses, a fin do mundo e a terrible ruína, sen que esta información se perciba na súa conxunción con identificacións e gratificacións a curto prazo a maneira de parte do seu propio contido.

¹⁸ Se estas necesidades de inmediatez significativa se absorben das relacións de dominación prevalectentes, o resultado é unha especie de presente perpetuo sincrónico da vida sen historia. Estou en posición de “dar forma” ou “vestir” a miña vida de tal e tal maneira: se na miña vida real me atopo con dificultades, buscarei negociar co medio ou aviarme con el. Desta maneira, parezo se-lo dono do meu destino. En troques de “colle-lo destino polo pescozo”, segundo mesmo recomendaba aínda Beethoven, procurarei outro, se é que todo vale para salva-lo meu pescozo. Neste sentido son tamén o dono do meu tempo. Coma o heroe nas películas do oeste ou de gángsters, teño ó meu dispor instintos predatorios preburgueses: en calidade de xefe da brigada criminal da policía, no papel de político televisivo, comentarador ou experto, participo no disciplinamento industrial do tempo presente (*Jetztzeit*); en calidade de alieníxena extraterrestre, doume coado no futuro: teño, nun sentido diferente ó do estado de excitabilidade sexual anual do home, encontros sexuais en calquera momento, e cousas parecidas. Do que eiquí se trata é non só da flutuación entre a vida real e os medios de comunicación de masas: trátase máis ben de que na vida real estou en posición de flutuar de tal maneira que entro en relación cunha muller na primavera, experimento o momento álxido desa relación con outra muller no verán, sepárome dunha terceira muller en outono (en caso de que a relación se volva moi complicada) e reconcíliome cunha cuarta muller en inverno (aínda dentro do ciclo dos meus sentimentos). Eu mesmo “experimentei” os catro estadios *dunha* relación: só os obxectos cambiaron. Este novo “Don Juanismo” non ten as súas raíces na economía libidinal que describe Wilhelm Reich; diríase, máis ben, que o seu fundamento social é a escolla de canles que é unha das características dos sentidos programadores que xurdiron. Tal é o caso do ulterior desenvolvemento das calidades humanas que Robert Musil describe no seu grao cero n’*O home sen atributos*. Dende a perspectiva do ciclo de vida tradicional do século dezanove, esta calidade humana nova parece “informe”, negativa. En realidade, é **positividade cun contido alternante**. É patente que este síndrome de calidades corresponde moito máis doadamente ó sistema abstracto de relación(s) do capitalismo cá “sensualidade da posesión” que conduce á humanidade burguesa clásica cara ó proceso de explotación.

¹⁹ Alguén pasea, senta no bar da esquina, senta coa súa muller, dedícase ó sexo recreativo, xoga cos fillos, vai de vacacións, usa o transporte público: todas estas actividades están conectadas só polo feito de que as leva a efecto a mesma persoa. Estas necesidades parciais, individuais e plenamente heteroxéneas, atópanse nos individuos, mais non forman un contexto concreto de expresión.

²⁰ As estruturas que Adorno e Horkheimer describen ou presupoñen (nomeadamente a radio e Hollywood) no capítulo sobre a industria cultural de *Dialéctica da Ilustración* caracterizan aínda a este respecto a fase preindustrial da industria da conciencia.

aparello sensorial humano e da conciencia faise claramente patente. As oportunidades para o desenvolvemento da conciencia e das capacidades humanas viran tan claras (se o desenvolvemento da industria da conciencia se estende durante un período longo) **que a apropiación privada no momento de socialización tanxible pode encontrarse coa resistencia insuperable**. Por tal razón, as empresas de medios de comunicación de masas xa desenvolveron unha estratexia dual no inicio destes procesos evolutivos. Por unha banda, na prensa faise fincapé repetidamente en que o cartel dos medios e os cassettes probablemente non vaian acadar o nivel de éxito esperado, que están a ser sobrevalorados e, amais, que os recursos para regulalos han atoparse no momento oportuno. Por outra banda, as necesidades de produción da electrónica e da industria dos ordenadores e equipamentos, que manufacturan os sistemas de comunicación, levan a unha toma agresiva do mercado en canto os produtos están en marcha. Non permite isto integración gradual ningunha dos diversos intereses sociais como foi posible, pomos por caso, durante a infancia da radio e maila televisión. Os propios produtores de programas²¹ terían interese na distribución a longo prazo, pois só desta maneira poderían dirixi-la atención cara a novos sistemas de comunicación. O interese dos produtores de programas, que está a decaer en comparanza co dos produtores de equipamentos, non se afirmará contra as necesidades de produción da industria que distribúe sistemas de comunicación e que, amais, vese debilitada polo coñecemento certo de que só os feitos poden valer para asegura-lo principio de apropiación privada. O capitalista dos primeiros tempos que construiu camiños de ferro tiña o máximo interese en se facer público para poder obter crédito onde quixese (grazas a sobrestimación das consecuencias sociais do camiño de ferro). En contraste, a empresa capitalista serodía que xestiona a industria da conciencia ten que oculta-los efectos sociais que comporta, e a súa influencia debe infravalorarse estritamente para non erosionar-la base da súa iniciativa privada. Case tódalas publicacións e emisións do cartel dos medios e da industria dos casetes están rexidas por esta clara infravaloración.

**

O último estadio do imperialismo: imperialismo interior²²

Oskar Negt e Alexander Kluge

A escala actual das esferas de influencia exterior dos países capitalistas parece ser fundamentalmente restrinxida, comparada co imperialismo clásico e o imperialismo da década de 1930. Ben é certo que os chamados territorios subdesenvolvidos convértense, igual ca antes, en obxectos de explotación (exportación de capital, exportación de mercadorías, toma dos xacementos de materias primas, axuda ó desenvolvemento, control das moedas por medio do sistema monetario mundial, etc.). Porén, os países capitalistas xa non teñen que defrontar a alternativa, no sentido tradicional, de comezar a guerra dun coutra outro ou ir á creba.²³ Ofrécense alternativas novas por medio dun nivel de organización do capital máis alto en bloques económicos supranacionais coma, por exemplo, a Comunidade Económica Europea, a absorción de capital, as tendencias inflacionistas e a redistribución entre a esfera de complexos e contradicións económicas, políticas, nacionais e supranacionais que conteñen o potencial da crise. **O imperialismo dirixe as súas enerxías cara adentro**. Nas áreas urbanas, nomeadamente, mesmo converte ós seres humanos e os seus contextos vitais nun obxecto intensificado de expansión imperialista da máis alta concentración da valorización. Faino por medio da organización, da forza e das ilusións impostas, características similares ás que Lenin describiu no imperialismo dirixido cara ó exterior.

Estas contradicións exprésanse publicamente, da maneira máis extremada, por medio da colonización da conciencia ou por medio da guerra civil. O que precede e segue a este choque é a compartimentación do individuo e mailos grupos sociais en facultades que se organizan unha contra outra. Isto faise patente, *de maneira máis básica*, nas situacións seguintes: a televisión suxire una ser humano autónomo que desenvolve as súas facultades críticas, pero a esfera pública da produción non ofrece espazo para a crítica. A industria da conciencia e mailo sistema educativo desenvolven facultades humanas que non atopan expresión adecuada no proceso de traballo. Nas sociedades capitalistas avanzadas, a forza de traballo que hai **dentro do individuo** é simultaneamente mobilizada e descualificada²⁴: o individuo flutúa entre estados de concentración extrema e outros nos que a maioría dos sentidos e facultades humanas durmen. A tendencia cara ó completo silenciamento do intelecto, na medida en que representa un perigo para o sistema,

²¹ As firmas publicistas que producen a programación caracterízanse a xeito de produtoras de "programas". En contraste, a industria electrónica, quere dicir, a produtora de equipamentos, produce equipamentos técnicos.

²² O. Negt e A. Kluge, *Public Sphere of Experience*. Londres, Verso, 2016, pp. 170-171.

²³ Sexa como for, isto non é totalmente válido. Dado que as enerxías ás que deron solta ambas a dúas guerras mundiais non se absorberon, senón que máis ben se intensificaron, tamén é posible que os países capitalistas declaren a guerra uns contra outros ou que haxa unha guerra global contra os países socialistas. Cf. tamén C. F. v Weiszäcker, *Kriegsfolgen und Kriegsverhütung* (Munich: 1971), nomeadamente a introdución na p. 3 e ss. Esta investigación parte do presuposto de que o mecanismo de intimidación no que se funda actualmente o equilibrio de bloques pode perde-la efectividade na década de 1980. Malia as consideracións á moda que xurden desta situación e que se describen de seguido é, logo, unha ilusión, con efectos devastadores na conciencia, crer que as guerras a escala internacional xa non sexan posibles, ou que só sexan improbables.

²⁴ Cf. capítulo 5 de Negt e Kluge (2016), "A base receptiva sensorial dos novos medios de comunicación de masas".

ten paralelo na completa activación das funcións individuais. A noción de home “unidimensional” de Herbert Marcuse non é suficiente para describir este estado de cousas.²⁵

A natureza contraditoria do horizonte público de experiencia estruturado polo capitalismo tamén golpea ós individuos que están oprimidos polos sistema e que se implican en movementos de protesta contra el. Pode entenderse (os acontecementos de maio do 1968 en Francia confirman este feito) que os desafíos ó sistema capitalista na forma de folgas, alzamentos esporádicos e movementos revolucionarios sexan capaces de se actualizar eles propios **en calquera momento precisamente porque** as facultades abstractamente agregadas dos individuos están interiormente organizadas unha contra outra. Por tal razón, un abano de facultades humanas poden medrar xunta e momentaneamente en tales movementos e converterse nun súpeto potencial para a resistencia do que o poder non se pode explicar de maneira ningunha dicindo que derive do complexo de facultades funcionalmente organizadas. En todo caso, non tódalas facultades restantes son, logo, incorporadas o movemento. A tendencia cara a reunificación revolucionaria e transformación da xente segue fracturada. O movemento de revolta desprega a mesma fluidez có sistema de dominación. A este respecto, ningunha das forzas asociadas co contexto de contradicións capitalistas e a súa esfera pública (nin capitalista nin anticapitalista) ten capacidade de formar un sistema político. Cada unha destas tendencias opostas (quer a de se revolver contra o sistema, quer a de se adaptar a el) encontra resistencia entre as masas. Ambas a dúas tendencias perden forza considerable por causa da fricción que xurde desta resistencia. Ningunha das tendencias que se vai describir máis adiante se desenvolve sen desviar-la da persecución do seu obxectivo orixinal: cada unha delas caracterízase pola súa varibilidade e pola procura de novas maneiras de resolver contradicións, sen ter nin a posibilidade nin a vontade de transforma-los seus fundamentos. En consecuencia, tanto a maneira en que se manifesta o capitalismo coma a forma do movemento de protesta cambian. As tendencias novas do capitalismo fanse, logo, patentes despois dos feitos, porque dentro das situacións localizadas de cada país están eclipsadas polos niveis anteriores do desenvolvemento capitalista. Sexa como for, é erróneo interpretar esta transformación estrutural do contexto de contradicións capitalista dende a perspectiva das súas variantes localizadas falidas. En troques, deberíase confiar en que o proceso a xeito de todo ha ser capaz, a longo prazo, de dar coa solución máis intelixente e, baixo condicións capitalistas, a máis progresiva.²⁶

²⁵ Na sociedade de clases, o home parece unidimensional dende a perspectiva dunha existencia madura que fose digna do home. En calidade de home completo, só pode reaccionar nela a xeito de home unidimensional. A razón desta unidimensionalidade está no feito de que as polifacéticas facultades que se desenvolveron historicamente nos individuos de distintas maneiras non poden organizarse e expresarse na súa complexidade dentro do sistema capitalista. As súas facultades multidimensionalmente esgazadas exprésanse abstractamente e amósanse, logo, unidimensionais.

²⁶ Entón, por exemplo, na República de Weimar, os intentos de resolver-los problemas de Hugenberg, Brüning ou von Papen amósanse especialmente estreitos de miras e prematuros. Isto no altera de xeito ningún o feito de seren a expresión dun sistema que se atopou, logo, co Nacional Socialismo en condicións que, obxectivamente, se alteraran moi pouco. As solucións capitalistas “progresistas” neste caso non teñen nada que ver co concepto enfático de progreso, e en determinadas circunstancias poden consistir predominantemente en relacións que están historicamente superadas.